**Expediente: GALP-RP 003_2024_F**

**Servizo: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DA IMPLEMENTACIÓN EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA no período 2021 - 2027**

**Asunto: PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS**

**Contido do documento:**

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) .......... 3
1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS .......... 3
2. OBXECTO DO CONTRATO .......... 4
3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN .......... 5
4. DETERMINACIÓN DO PREZO .......... 5
5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE .......... 6
5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA .......... 6
5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL .......... 7
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS .......... 7
6.1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO .......... 7
6.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR .......... 8
6.3. CRITERIOS DE DESEMPATE .......... 8
6.4. CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA .......... 9
7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS .......... 9
8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN .......... 11
8.1. APERTURA DE OFERTAS .......... 11
8.2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN .......... 11
8.3. DOCUMENTACIÓN PREVIA ESIXIDA AO LICITADOR ANTES DA ADXUDICACIÓN .......... 12
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO .......... 13
9.1. PRAZO DE EXECUCIÓN .......... 13
9.2. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO .......... 13
9.3. MODIFICACIÓN DO CONTRATO .......... 13
9.4. ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS .......... 13
9.5. PAGAMENTO DO PREZO .......... 13

9.6. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO .... 14
**10. PUBLICIDADE .... 15**
**11. RESPONSABLE DO CONTRATO, COMISIÓN DE CONTRATACIÓN E COMISIÓN DE PREGOS. .... 15**
**12. ANEXOS .... 16**
12.1. ANEXO I. OFERTA ECONÓMICA E DE CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO .... 16
12.2. ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE .... 19
PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS (PPT) .... 21
**1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN .... 21**
**2. OBXECTO E CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO .... 23**
**3. ESPECIFICACIÓNS E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER .... 23**
3.1. Documentos de referencia para o traballo de avaliación e seguimento. .... 24
3.2. Os informes anuais. .... 25
3.3. Avaliación intermedia. .... 25
3.4. Avaliación final. .... 26
**4. PLAN DE TRABALLO. .... 27**
4.1. Plan de traballo dos informes sobre Informes anuais: .... 27
4.2. Avaliación intermedia. .... 27
4.3. Avaliación final. .... 28
**5. FUNCIÓNS E OBRIGACIÓNS DA PERSOA OU ENTIDADE ADXUDICATARIA .... 28**
5.1. Confidencialidade e deber de sixilo. .... 28
5.2. Protección de datos de carácter persoal. .... 29

# PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

## 1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

| | |
|---|---|
| **Entidade de contratación** | **Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra (GALP-RP)**<br>Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín. 36900, Marín (Pontevedra).<br>Teléfonos: 886 213 015 / 698 180 887<br>Correo electrónico: galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal<br>CIF: G-36593606 |
| **Órgano de contratación** | Presidencia do GALP-RP |
| **Responsable do contrato** | Laura Nieto Zas, Xerente do GALP-RP |
| **Referencia do expediente** | GALP-RP 003_2024_F |
| **Obxecto do contrato** | Prestación do servizo de avaliación e seguemento da implementación EDLP do GALP Ría de Pontevedra no período 2021 - 2027 |
| **Tipo de contrato** | Contrato de Servizos |
| **Tramitación** | ☒ Ordinaria<br>☐ Urxente |
| **Contrato suxeito a regulación harmonizada** | ☐ Si<br>☒ Non |
| **Procedemento** (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa) | ☐ Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP.<br>☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados.<br>☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada. |
| **Clasificación das persoas ou entidades licitantes** | Non se esixe |
| **Subdivisión en lotes** | ☐ Si |

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

| | |
|---|---|
| | ☒ Non |
| **Admisión de prórroga** | ☒ Si<br>☐ Non |
| **Revisión de prezos** | ☐ Si.<br>☒ Non procede |
| **Admisión de variantes e/ou melloras** | ☐ Si<br>☒ Non |
| **Admisión de subcontratación** | ☐ Si<br>☒ Non |
| **Criterios de adxudicación** | ☐ Prezo<br>☒ Multicriterio |
| **Orzamento base de licitación** | **19.200,00 €** (IVE non incluído) |
| **Prazo de execución** | O prazo de execución comprenderá dende a data de formalización do contrato (previsiblemente, marzo de 2024) e **ata o 31 de decembro de 2026 (36 meses).** Duración máxima, prórrogas incluídas, 60 meses. |
| **Financiamento** | Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).<br>*Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.* |

## 2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a asistencia técnica para a prestación do servizo de **Avaliación e seguimento da execución da EDLP do GALP Ría de Pontevedra no período 2021 – 2027 de programación e nos anos que se estenda**, como asociación sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

Este servizo deberá incluír:

Elaboración de informes anuais
Elaboración de avaliación intermedia
Elaboración da avaliación final.

Os traballos a realizar deberán estar conformes ao exposto na Estratexia Local Participativa do GALP Ría de Pontevedra, e actualmente, ao disposto na Orde do 14 de setembro de 2023, na que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, (código do procedemento PE155A) e aquela que as substitúan no futuro, as instrucións emitidas polo Organismo Intermedio de Xestión, así como con todo o marco normativo e regulador das operacións de seguimento e avaliación das EDLPs así como as recomendacións que se introduzan polas autoridades e Redes europea e nacionais.

## 3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación para o servizo requirido, ascende a un total de 19.200,00 **€ de base impoñible**, que se incrementará co IVE (21%) por un importe de 4.032,00 €, facendo un orzamento total de licitación de 23.232,00 €.

O valor estimado do contrato tendo en conta as prórrogas posibles, é de 35.000,00 €, IVE excluído.

| | | |
|---|---|---|
| **Valor estimado do contrato** | 35.000,00 € (IVE excluído) | |
| **Orzamento base de licitación** | Importe base de licitación | 19.200,00 € |
| | IVE (21%) | 4.032,00 € |
| | Importe total de licitación | 23.232,00 € |
| **Financiamento** | Esta contratación se financia nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).<br>*Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.* | |

## 4. DETERMINACIÓN DO PREZO

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos e os contratos mantidos nos meses anteriores realizados pola entidade de contratación para o mesmo obxecto.

A táboa do reparto do importe nas diferentes anualidades é o seguinte:

| | 2024 | 2025 | 2026 | 2027 | 2028 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Coste total | Coste total | Coste total | Coste total | Coste total | TOTAL |
| Informes anuais | 4.000,00 € | 1.350,00 € | 1.350,00 € | 1.400,00 € | 1.400,00 € | 9.500,00 € |
| Informe intermedio | | 6.250,00 € | 6.250,00 € | | | 12.500,00 € |
| Avaliación final | | | | 6.500,00 € | 6.500,00 € | 13.000,00 € |
| **Coste total estimado (sen IVE)** | **4.000,00 €** | **7.600,00 €** | **7.600,00 €** | **7.900,00 €** | **7.900,00 €** | **35.000,00 €** |
| IVE (21%) | 840,00 € | 1.596,00 € | 1.596,00 € | 1.659,00 € | 1.659,00 € | **7.350,00 €** |
| **Coste total estimado (con IVE)** | **4.840,00 €** | **9.196,00 €** | **9.196,00 €** | **9.559,00 €** | **9.559,00 €** | **42.350,00 €** |

*Táboa 1: reparto por anualidades do prezo base e valor estimado do contrato.*

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se indiquen por razón do contrato.

## 5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

### 5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A **solvencia económica e financeira** acreditarase polo seguinte medio:

- ***volume anual de negocios****, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior ao esixido como requisito mínimo de solvencia.*

Requisito mínimo de solvencia:

**Volume anual de negocios** da persoa ou entidade licitante por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato, **35.000,00 €**, no ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos.

Acreditación: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a persoa ou entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil ou, no seu caso, dos libros exixidos pola normativa de aplicación ou modelo 390 de resumo anual de IVE, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios, o documentación equivalente que acredite la solvencia económica a criterio del órgano de contratación

No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período total de actividade da

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida anteriormente, por ano ou fracción de ano acreditado.

### 5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A **solvencia técnica e profesional** acreditarase por medio da indicación do ***persoal técnico*** *participante directamente na execución do contrato*, sexan medios propios del licitador o medios de outras entidades, independientemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que amose que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente de esa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incursa nunha prohibición de contratar.

Requisito mínimo de solvencia: O equipo mínimo que deberá destinar o adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato estará baixo a dirección dun profesional responsable da execución do contrato, que deberán contar coa seguinte titulación:

- 1 Titulado en Ciencias Económicas y Empresariais, Titulación universitaria con, como mínimo, un nivel 2 do MECES[1].

Acreditación: A través da presentación dos títulos académicos, en copia orixinal ou compulsada (ou outro medio que permita facer viable a súa comprobación ao GALP Ría de Pontevedra) e do Currículum profesional das persoas que formarán parte do equipo técnico do servizo.

## 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

A adxudicación do contrato do servizo será para a **oferta máis vantaxosa**, atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

### 6.1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

- **Oferta económica: 60 puntos** (puntuación máxima)

  Darase a máxima puntuación á oferta económica máis baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = PM \frac{(OL - Oi)}{(OL - OB)}$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar
PM = Puntuación máxima do criterio

[1] MECES: Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior.

OL = Orzamento de licitación (sen IVE)
OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)
Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.

- **Experiencia profesional: 40 puntos** (puntuación máxima)

Experiencia profesional referida en:

  - EDLP ou plans estratéxicos elaborados en programas de CLLD – rurais ou pesqueiros – nos períodos 2006 – 2013, 2014- 2020 e 2021 – 2027. Un punto por cada EDLP rural e 2 puntos por cada EDLP pesqueira, ata un máximo de 20.
  - Procedementos de avaliación final levados a cabo en programas de CLLD – rurais ou pesqueiros – nos períodos 2006 – 2013 e 2014- 2020. Un punto por cada EDLP rural e 2 puntos por cada avaliación no Sector Pesqueiro, ata un máximo de 20.

Para a avaliación da experiencia é preciso á presentación dos certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos coa indicación da participación da persoa responsable da execución do contrato, breve resumo da labor realizada, programa de fondos europeos, período ou períodos de realización.

## 6.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Non existen.

## 6.3. CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

a. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
b. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
c. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
d. O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

***A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.***

### 6.4. CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA

Unha oferta económica considerarase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 20 unidades porcentuais.

Cando se identifique que unha oferta económica pode ser considerada anormalmente baixa, solicitarase á persoa ou entidade licitante que a presentou para que, no prazo máximo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se envíe a comunicación, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

## 7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas, xunto coa documentación preceptiva, presentarase atendendo ás seguintes especificacións:

| | |
|---|---|
| **Lugar de presentación** | A presentación das ofertas realizarase a través do **envío por correo certificado** á dirección postal das oficinas do GALP-RP (Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, CP 36900, Marín, Pontevedra), acreditando a data de envío pola oficina de correos.<br>Será preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.riadepontevedra@xunta.gal, dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.<br>Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios. |
| **Prazo de presentación** | O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **8 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions.<br>Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte.<br>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo. |

<table>
<tr>
<td>Forma de presentación</td>
<td>A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados, os cales deberán estar perfectamente identificados no seu exterior:<br>- “SOBRE A: Documentación Xeral”<br>Neste Sobre A, incluirase a Declaración Responsable (*) (Anexo II) da persoa ou entidade licitante, compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.<br>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.<br>- “SOBRE C: Criterios avaliables de forma automática”<br>Neste Sobre C incluirase a Oferta económica e aquela documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliables de xeito automático (Anexo I).<br>No Sobre C, para a avaliación da experiencia é preciso á presentación dos certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos coa indicación da participación da persoa responsable da execución do contrato, breve resumo da labor realizada, programa de fondos europeos, período ou períodos de realización.<br>A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.<br>As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.<br>Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.</td>
</tr>
</table>

## 8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

### 8.1. APERTURA DE OFERTAS

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a **Comisión de contratación** reunirase en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE A, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houbese.

A continuación procederase -no lugar, día e hora sinalados no portal web https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions- á apertura, en acto público, do SOBRE C das persoas ou entidades licitantes admitidas.

| | |
|---|---|
| **Descrición** | Apertura pública do SOBRE C. |
| **Lugar** | Departamento de Exportadores, nº 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, Marín (Pontevedra). |
| **Data e hora** | Publicarase na páxina web https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions, con ao menos 48 horas de antelación, a data e hora da apertura das ofertas. |

A Comisión de Contratación comprobará a existencia de calquera oferta que houbera incorrido en baixa temeraria e solicitará á persoa ou entidade licitante que a presentou para que, no prazo máximo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se envíe a comunicación, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

### 8.2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación na que figurarán as ofertas admitidas e excluídas, así como as causas de exclusión. Para as ofertas admitidas, incluirase a puntuación outorgada por aplicación dos criterios de adxudicación, ordearanse segundo esta puntuación obtida e identificarase á persoa ou entidade licitante coa puntuación máis alta, a cal presenta a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación. Dita proposta será publicada na páxina web do procedemento e, transcorrido o prazo de **3 días hábiles**, de non existir alegacións por parte de ningunha das empresas licitantes, procederase á adxudicación do contrato.

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

No caso de que algún dos licitantes presente alegacións á resolución de adxudicación efectuada, a Comisión de contratación reunirase no prazo de **2 días hábiles** para dar resposta ás alegacións presentadas, da que quedará constancia nun acta e, se procede, emitirase unha nova resolución de adxudicación.

### 8.3. DOCUMENTACIÓN PREVIA ESIXIDA AO LICITADOR ANTES DA ADXUDICACIÓN

Unha vez emitida a proposta de contratación definitiva, será requirida á persoa ou entidade proposta como adxudicataria para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a súa solvencia económica, financeira e técnica, así como a documentación que se precise para a sinatura do contrato, en particular, a seguinte:

a) Documentación que acredite que a entidade adxudicataria está validamente constituída e que, conforme ao seu obxecto social, pode presentarse á licitación. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade: escritura de constitución e modificacións posteriores, se as houbera.

b) Documentos que acrediten, no seu caso, a representación legal da entidade.

c) Xustificantes de non ter débedas de natureza tributaria co Estado nin coa Administración Autonómica de Galicia, nin débedas coa Seguridade Social.

d) Alta no imposto de actividades económicas.

e) Toda documentación que poida resultar necesaria para acreditar o cumprimento da declaración responsable do Anexo II.

f) Documentación necesaria para acreditar os requisitos de solvencia técnica ou profesional e económico – financeira, aló menos:

    a. Titulación académica do profesional responsable da execución do contrato.

    b. Acreditación do volume anual de negocios.

g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado, entenderase que a persoa ou entidade licitante retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación á persoa ou entidade licitante seguinte en orde, conforme á valoración dos criterios de adxudicación.

O procedemento finalizará coa formalización do contrato.

# 9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

## 9.1. PRAZO DE EXECUCIÓN

| | |
|---|---|
| **Prazo de execución** | O período de prestación do servizo comprenderá dende a data de formalización do contrato (previsiblemente, decembro de 2023) e **ata o 31 de decembro de 2026 (37 meses)**. |
| **Prórrogas** | Admítese prórroga do contrato.<br>O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o máximo de 60 meses en total, incluída prórroga. Polo tanto, a duración do contrato será de 34 meses e dous posibles prórrogas, unha primeira de 12 meses e unha segunda ata completar a avaliación do programa, sempre dentro do límite global dos 60 meses.<br>A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP-RP desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato. |

## 9.2. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas e dentro do prazo de execución especificado no apartado anterior.

## 9.3. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé modificación do contrato.

## 9.4. ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS

No se admiten variantes nin melloras do servizo prestado.

## 9.5. PAGAMENTO DO PREZO

Os pagamentos serán anuais, salvo acordo entre as partes, de período inferior, polo importe que figura no cadro de reparto de anualidades do punto 4 deste prego para cada anualidade ou, no caso de período inferior ao anual, polo importe proporcional.

A facturación será durante o último trimestre, salvo acordo entre as partes doutra data e sempre anterior ao 31 de decembro de cada anualidade.

De ser o caso, as prórrogas serán anuais, salvo a última, que poderá ser de duración inferior ou superior ao ano, ao estaren determinada polo tempo restante do programa de axudas, establecido no Convenio de Colaboración coa Consellería do Mar. No caso de que a última prórroga sexa por prazo inferior ou superior a un ano, o prezo e a facturación da prórroga, realizarase tendo en conta a finalización do traballo de avaliación final requirido.

O pago estará supeditado á dispoñibilidade de crédito por parte do GALP-RP. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.

### 9.6. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O GALP-RP poderá acordar a disolución do contrato, no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- O mutuo acordo entre o GALP-RP e o contratista.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento do contratista.
- A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- O incumprimento da obrigación principal do contrato ou das restantes obrigas descritas nos pregos por parte da persoa ou entidade contratista.
- Incumprimento en dúas o u máis ocasións sobre o plan de traballos establecido no prego , en calquera actividade, en especial, na entrega dos seguintes servizos obxecto do contrato:
    - Informes anuais e seguemento de expedientes.
    - Resultados dos procedementos de avaliación intermedia e final.
- A insuficiencia de crédito orzamentario, segundo o Convenio de colaboración asinado entre o GALP-RP e a Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026, addendas e modificacións do mesmo, o cal será comunicado polo GALP-RP ao contratista cunha antelación mínima de un mes.
- O incumprimento da obrigación principal do contrato.
- Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigacións esenciais descritas neste prego.
- A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato.
- Nos casos en que se esixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo ao que se refire a cláusula 5.1, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios,

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

-

## 10. PUBLICIDADE

O Anuncio de licitación será publicado na páxina web: https://galp.xunta.gal/ria-de-pontevedra/licitacions.

## 11. RESPONSABLE DO CONTRATO, COMISIÓN DE CONTRATACIÓN E COMISIÓN DE PREGOS.

A unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será a xerencia do GALP-RP, sendo a persoa que ocupe este posto á que corresponderá garantir a súa execución así como adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do seu ámbito de facultades.

Por outra banda, e segundo decisión da Xunta Directiva do 30 de xuño de 2023, intervirá neste procedemento tamén:

- **a Comisión de pregos** formada por: vicepresidencia do GALP, tesoureira, representante do Concello de Meaño e Miguel Arís da Irmandade Illa de Tambo. O quórum mínimo será de tres persoas e as reunións poderán organizarse de xeito telemático.

- **a comisión de Contratación** formada por: secretaría do GALP, representante do Concello de Marín, representantes das Confrarías de Raxó, de Sanxenxo e de Pontevedra e a xerente do GALP, esta última, con voz mais sen voto. O quorum mínimo será de tres persoas.

- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, presidencia do GALP: María del Carmen Vázquez Nores.

- INFORME DE CONFORMIDADE COA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Xerencia do GALP Ría de Pontevedra. Este informe será comunicado á presidencia e tesourería do GALP Ría de Pontevedra.

# 12. ANEXOS

## 12.1. ANEXO I. OFERTA ECONÓMICA E DE CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

(A incluír no SOBRE C)

**Expediente: GALP-RP 003_2024_F**

**Servizo: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DA IMPLEMENTACIÓN EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA no período 2021 - 2027**

D./Dona.____________________________________________________, con DNI ______________,
en representación de _______________________________________________________________,
con CIF/NIF ______________, con domicilio social en _____________________________________,
teléfono ___________ e correo electrónico _____________________________________________
a efectos de notificación,

**MANIFESTA:**

**Primeiro.-** Que concorre á licitación convocada polo Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra para a contratación do servizo de **SERVIZO DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DA IMPLEMENTACIÓN EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA no período 2021 - 2027**, referido ao expediente **GALP-RP 003_2024_F**, estando conforme coas condicións e requisitos para concorrer a dita licitación e cumprindo con todos os requisitos e obrigas exixidos pola normativa vixente para contratar e para percibir subvencións públicas, así como cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

**Segundo.-** Que, con estrita suxeición aos requisitos que se establecen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, se compromete a desenvolver o servizo de acordo coa seguinte **oferta económica**:

| | |
|---|---|
| PREZO OFERTADO (sen IVE) | € |
| IVE (21%) | € |
| PREZO TOTAL OFERTADO (con IVE) | € |

Departamento de Exportadores 14
Edificio da Lonxa - Porto de Marín
36900 Marín (Pontevedra)
Tfno. 886213015/ gacpontevedra@gmail.com

**Terceiro.-** Que, conta cunha **experiencia profesional**, referida en EDLP elaboradas en programas de CLLD – rurais ou pesqueiros – nos períodos 2006 – 2013, 2014- 2020 e 2021 – 2027: ____ EDLP ou programas estratéxicos de CLLD elaborados (*).

| Denominación do servizo (breve resumo da labor realizada) | Entidade sen ánimo de lucro contratante | Técnico responsable por parte da empresa | Programa e Período de fondos Europeos ao que se presentou | Aprobación do documento (Si / Non) |
|---|---|---|---|---|
| 1. | | | | |
| 2. | | | | |
| 3. | | | | |
| 4. | | | | |
| .... | | | | |
| | | | Total EDLP redactadas | |

**Terceiro.-** Que, conta cunha **experiencia profesional**, referida en procedementos de avaliación final levados a cabo en programas de CLLD – rurais ou pesqueiros – nos períodos 2006 – 2013 e 2014- 2020 (*).

| Denominación do servizo | Entidade sen ánimo de lucro contratante | Técnico responsable por parte da empresa | Programa e Período de fondos Europeos avaliado | Breve resumo da labor realizada |
|---|---|---|---|---|
| 1. | | | | |
| 2. | | | | |
| 3. | | | | |
| 4. | | | | |
| .... | | | | |
| | | | Total Avaliacións finais | |

(*) Deben achegarse os Certificados de boa execución acreditativos da experiencia profesional da entidade licitante para a súa comprobación. Puntuarase con 0 puntos este criterio se non se presentan ditos certificados xustificativos.

En ___________________________________, a _____ de _____________________ de 2023.

Sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante

## 12.2. ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

**Expediente: GALP-RP 003_2024_F**

**Servizo: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AVALIACIÓN E SEGUEMENTO DA IMPLEMENTACIÓN EDLP DO GALP RÍA DE PONTEVEDRA no período 2021 - 2027**

D./Dona.__________________________________________________, con DNI _________________, en representación de _________________________________________________________________, con CIF/NIF ______________, con domicilio social en ____________________________________, teléfono ___________ e correo electrónico _______________________________________________ a efectos de notificación,

**DECLARA:**

**Primeiro.-** Que a persoa licitante ou empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa a cal represento.

**Segundo.-** Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP[2], en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións pola normativa vixente.

**Terceiro.-** Non presenta ningunha oferta para esta contratación mediante empresa vinculada, segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de agosto de 1885.

**Cuarto.-** Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

**Quinto.-** A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é _____________________________________________________________________________

[2] Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**Sexto.-** Comprométese a acreditar, ante o GALP Ría de Pontevedra, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En ___________________________________, a _____ de _____________________ de 2023.

Sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS (PPT)**

## 1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

**Marco Normativo da contratación.**

O Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra (en adiante, GALP-RP) é unha asociación sen ánimo de lucro que foi recoñecida como entidade colaboradora da Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 no ano 2023.

O Convenio de colaboración asinado, establece na súa cláusula décimo oitava o marco regulador do réxime de contratación do GALP-RP. De acordo con elo, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP-RP, pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e de eficiencia, conforme se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora coa Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. Asemade, o GALP-RP terá en conta as instrucións que emita o Organismo Intermedio de Xestión (en adiante, OIX).

Na data do 22 de xuño de 2023, a Consellería do Mar comunicou ao GALP-RP a **Instrución nº 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro**, na que se definen diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe.

**Sobre a necesidade do servizo**

O GALP-RP é unha entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e actúa como entidade colaboradora da Consellería do Mar en virtude do Convenio asinado con esta para a aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, De Pesca E De Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, estando suxeita as obrigas estipuladas no mesmo.

Neste convenio indícase que o GALP-RP asume as funcións e obrigas derivadas da súa na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión, control, seguimento e avaliación das axudas para o desenvolvemento de dita estratexia.

Así mesmo, tamén se indica (cláusula 11ª) que os resultados do proceso de avaliación son necesarios para a proposta dunha modificación da EDLP, agás que concorran causas extraordinarias.

A cláusula vixésima recolle a obriga de seguemento e avaliación na aplicación da EDLP indicando:

*1. O GALP elaborará un informe anual de seguimento dos avances realizados na consecución dos obxectivos da EDLP e de avaliación da execución da mesma, que remitirá á Consellería do Mar antes do 1 de abril do ano seguinte.*

*Este informe terá o seguinte contido mínimo:*

*a) Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, debidamente dilixenciadas polo secretario do GALP.*

*b) Relación actualizada de membros do GALP.*

*c) Memoria de seguimento e avaliación da EDLP, conforme ao modelo proporcionado pola Consellería do Mar.*

*d) Calquera outra circunstancia relevante para a correcta execución do EDLP.*

*Antes da remisión á Consellería do Mar, o informe deberá ser sometido á aprobación da asemblea xeral do GALP.*

*2 O GALP proporcionará á Consellería do Mar e/ou aos avaliadores designados, toda a información relacionada coa xestión que sexa necesaria para o seguimento e avaliación da prioridade 3 do FEMPA.*

Esta necesidade esténdese en base ao Convenio de colaboración entre o GALP Ría de Pontevedra e a Consellería do Mar asinado o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023 – 2026, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021 – 2027 e por toda a duración deste, incluídas as súas posibles prórrogas.

**Orzamento e datos económicos anuais:**

O orzamento de axudas (gasto público) obxecto do servizo a contratar, distribuído en proxectos e gastos de xestión (funcionamento e animación), consta no Convenio de Colaboración subscrito coa Consellería do Mar que se achega como Anexo 1.

O orzamento non executado en cada anualidade pode ser redistribuído noutras anualidades segundo o establecido no Convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026 ou incorporarse en novas anualidades, de 2027 a 2029, en caso de modificación ou extensión do citado convenio. Segundo o establecido na cláusula vixésimo quinta do Convenio, a partir de decembro de 2025, examinarase a evolución do programa de axudas para a aplicación da Estratexia. Os GALP que se retrasen na execución non acadando un compromiso do 50% dos Fondos asignados ao Programa de axudas verán axustada de oficio a súa asignación. O axuste corresponderá coa dotación resultante da diferencia entre o importe que represente o 50% do Programa de axudas e o importe comprometido do mesmo, xunto coa parte proporcional dos gastos de funcionamento e animación. A dotación económica correspondente a este axuste distribuirase entre os GALP que acadaran o 50% de nivel de compromiso, no seu caso.

Na anualidade 2023 o GALP estivo funcionado de acordo ao convenio e resultaron aprobados un total de oito proxectos. O GALP elaborou cos medios propios un informe anual que será facilitado ao adxudicatario.

## 2. OBXECTO E CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a asistencia técnica para a prestación do servizo de **Avaliación e seguimento da execución da EDLP do GALP Ría de Pontevedra no período 2021 – 2027 de programación e nos anos que se estenda**, como asociación sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

Este servizo deberá incluír:

- Elaboración de informes anuais
- Elaboración de avaliación intermedia
- Elaboración da avaliación final.

Os traballos a realizar deberán estar conformes ao exposto na Estratexia Local Participativa do GALP Ría de Pontevedra, e actualmente, ao disposto na Orde do 14 de setembro de 2023, na que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, (código do procedemento PE155A) e aquela que as substitúan no futuro, as instrucións emitidas polo Organismo Intermedio de Xestión, así como con todo o marco normativo e regulador das operacións de seguimento e avaliación das EDLPs así como as recomendacións que se introduzan polas autoridades e Redes europea e nacionais.

## 3. ESPECIFICACIÓNS E ALCANCE DO SERVIZO A DESENVOLVER

O alcance do servizo a desenvolver ao longo do período de execución do contrato debe comprender diferentes tarefas en materia de avaliación e seguimento dos proxectos aprobados ao abeiro da EDLP do GALP Ría de Pontevedra así como da xestión do mesmo realizada polo Grupo.

Seguindo o cronograma previsto para a execución do contrato, este deberá facerse cos seguintes fitos:

- Durante o ano 2024 deberá definirse de forma conxunta co persoal do GALP a metodoloxía a desenvolver en cada etapa do proceso de avaliación e seguimento e

deberá desenvolverse. Así mesmo, realizarase a revisión e adaptación en caso de seren necesario, dos datos e resultados do informe elaborado no 2023 polo persoal do GALP Ría de Pontevedra.

- No ano 2025 deberá elaborarse un informe anual correspondente as obrigas do convenio e deberá iniciarse o procedemento de avaliación intermedia.
- No ano 2026 ademais de elaborarse o informe anual deberá completarse a avaliación intermedia cos datos resultantes das xustificacións da anualidade 2025. En caso de ser preciso, redactaranse as recomendacións para a proposta de modificación da EDP que resulte do proceso participativo.
- En caso de que haxa unha addenda ao convenio de colaboración, no ano 2027 deberá elaborarse un informe anual correspondente as obrigas do convenio e deberá iniciarse o procedemento de avaliación final, en función da marcha do programa.
- Novamente, tendo en conta a posibilidade dunha addenda ao convenio actual, no ano 2028 cunha posible extensión ata ao longo de 2029, deberá elaborarse un informe anual correspondente as obrigas do convenio e deberá finalizarse o procedemento de avaliación final, en función da marcha do programa.

## 3.1. Documentos de referencia para o traballo de avaliación e seguimento.

Para a realización dos informes anuais tomarase como referencia o especificado na cláusula 20ª do Convenio así coma o modelo elaborado pola Consellería do mar para os informes anuais no período 2014 – 2020 (Anexo 2) e o informe elaborado polo GALP Ría de Pontevedra no ano 2023.

Tamén se tomará como documentos de referencia na definición dos informes de avaliación e seguimento os seguintes:

- O estipulado na EDLP do GALP Ría de Pontevedra ao respecto, con especial cumprimento ao relativo á implantación da RSC e ao cumprimento dos ODS.
- As orientacións, comunicacións e recomendacións da REGP e FAMENET respecto da avaliación e seguimento das EDLPs, en particular:.
- Evaluación del DLP. Manual para los GAL y los GALP. Unión Europea, 2018.
- FAMENET: CT5.1 Working Paper Evaluation Plan, December, 2022
- Se tendrán en cuenta las conclusiones y recomendaciones del Estudio "LEADER and community-led local development facilitates local engagement but additional benefits still not sufficiently demonstrated" European Union, 2022

Así mesmo, para o seguimento dos expedientes seguirase a Instrución nº8 da Consellería do Mar (Anexo 3).

-

### 3.2. Os informes anuais.

En ausencia dunha nova instrución ou modelo de informe anual que emita a Consellería do Mar, empregarase o Modelo do período anterior e as ampliacións xa introducidas polo GALP Ría de Pontevedra e as que se acorden no período de definición desta tarefa.

Na elaboración dos informes anuais inclúese a tarefa de seguemento dos proxectos aprobados en anualidades anteriores xa finalizados.

Os resultados dos informes anuais publicaranse na web do GALP Ria de Pontevedra e nas súas redes sociais para o que se desenvolverán píldoras informativas e infografías que se poidan comunicar nestes medios

### 3.3. Avaliación intermedia.

A avaliación intermedia realizarase conforme a descrición que figura na EDLP tendo especial importancia a definición dos mecanismos e contidos dos procesos de participación cidadá que deben debater en todo proceso a execución da EDLP e a idoneidade dos criterios de avaliación para que poida xustificarse en caso de ser necesario a modificación da mesma. .

Segundo se recolle na EDLP:

O principal obxectivo desta avaliación é o de definir un marco suficientemente amplo que permita posibles reorientacións e cambios na EDLP, para garantir o cumprimento das metas fixadas e atender ao cumprimento dos obxectivos. Deberá abordar os seguintes factores:

• Análise da execución financeira. Ver o grao de execución financeira, a xesti ón do programa de axudas, a coherencia na distribución dos diferentes gastos.

• Análise de realizacións físicas do programa, observando a tipoloxía de operacións financiadas, a súa utilidade e relevancia para dar cobertura ás necesidades do territorio..

• Análise de procesos, vendo como se está desenvolvendo a dinámica do grupo na xestión do programa de axudas, incluída a cooperación, no seu funcionamento e na animación do anterior.

A avaliación intermedia será desenvolta no ano 2025 preferiblemente cos resultados da execución desa anualidade e atenderá aos fitos definidos. Esta avaliación farase empregando a triangulación metodolóxica, definida a través da utilización de técnicas de carácter cualitativo, cuantitativo e participativo.

Para garantir a operatividade e a lexitimidade do proceso vanse combinar órganos formais do propio GALP (Xunta Directiva, Asemblea) con espazos ad hoc (Mesas Sectorais e Foro).

As funcións de cada un destes ámbitos serán as seguintes:

Mesas Sectoriais:

- Implicar ao sectores na valoración da execución do programa de axudas.
- Abrir un proceso de reflexión e debate sectorial que permita identificar a atención ás necesidades do territorio e as barreiras no desenvolvemento do programa.
- Adoptar propostas de mellora sectorial  no desenvolvemento do programa de axudas.

Xunta Directiva:

- Analizar e valorar a información producida polas mesas sectoriais.
- • Elaborar unha síntese da avaliación para o traballo do Foro..

Foro cidadán

- Crear un espazo de encontro que implique aos distintos sectores conformados no proceso, dende unha perspectiva sectorial e transversal.
- • Integrar as distintas perspectivas e axentes nun proceso de reflexión e consenso.
- • Asentar e favorecer a corresponsabilización da entidades e persoas participantes na posterior implementación do programa de axudas.
- • Divulgar na zona pesqueira os resultados obtidos no proceso de avaliación do programa de axudas.

Asemblea Xeral:

- Validación final dos resultados obtidos no proceso de avaliación, incluíndo as súas conclusións e medidas correctoras.

### 3.4. Avaliación final.

A avaliación final é unha importante ferramenta para valorar o alcance sobre a aplicación da estratexia no territorio ao longo do período de programación 2021 2027. Esta avaliación realizarase ao fi nal do período que , tendo en consideración a norma de execución N + 2 podería ser a anualidade 2029 .

Teranse en conta para a súa análise os factores relacionados coa execución do programa, tanto dende o punto de vista económico financeiro, como social e organizativo, incidindo no impacto xerado no territorio, es especial, en factores como o emprego ou o desenvolvemento económico do sector pesqueiro.

Terase en conta a análise do cumprimento de obxectivos, pero tamén o funcionamento do GALP e da súa política de comunicación e animación da estratexia, co obxectivo de avaliar o peso do mesmo, como axente dinamizador do territorio.

Na avaliación final incorporaranse unha valoración dos diferentes aspectos transversais da estratexia e contemplará o resto de factores de análise (eficacia, eficiencia, relevancia, pertinencia, coherencia, complementariedade, utilidade, etc.).

Ao igual que a avaliación intermedia desenvolverase un proceso participativo para a súa realización de forma que nos diferentes ámbitos de participación preguntarase polos resultados cualitativos e cuantitativos da execución do programa.

Segundo indica a EDLP, hai unha serie de criterios que se terán en conta á hora de realizar a avaliación e o seguimento do programa:

1. O proceso e criterios de avaliación deberán de axustarse ás recomendacións ou instrucións ditadas pola Consellería do Mar durante o período de execución do programa de axudas. O GALP facilitará toda a información que se defina pola Consellería do Mar para avaliar o grao de cumprimento da estratexia e a súa análise comparativa con outros territorios.
2. Todo o proceso de avaliación deberá de ter mecanismos de publicidade para garantir unha participación efectiva dos axentes e entidades do territorio e unha maior transparencia. Os documentos finais deberan de ser accesibles ás entidade s socias como procedemento de transparencia e de fomento da participación.
3. O proceso de avaliación deberá de ser complementado co uso de instrumentos de comunicación e participación virtual, co obxecto de garantir a maior participación posible.
4. A avaliación poderá ser reorientada en función das directrices emanadas do programa operativo do FEMPA, tamén se adaptará as modificacións da Axenda 2030, e as novas orientacións que poidan xurdir de fondos complementarios.

## 4. PLAN DE TRABALLO.

O adxudicatario da contratación comprometerase a realización a realización do seguinte plan de traballo:

### 4.1. Plan de traballo dos informes sobre Informes anuais:

Os informes anuais deberán elaborarse durante o primeiro trimestre do ano seguinte debendo someterse por parte do GALP á revisión das Mesas sectoriais (potestativo) e da Asemblea Xeral en todo caso.

### 4.2. Avaliación intermedia.

No ano 2025 deberá deberá iniciarse o procedemento de avaliación intermedia que rematarase no ano 2026 para poder incorporar os resultados de execución da EDLP nesa anualidade. En caso de ser preciso, redactaranse as recomendacións para a proposta de modificación da EDP que resulte do proceso participativo.

### 4.3. Avaliación final.

A avaliación final adaptarase ao período global de execución da EDLP do GALP Ría de Pontevedra, considerando as posibles prórrogas ao Convenio de Colaboración inicial coa Consellería do Mar, en caso de producirse. Deberá contemplar a avaliación do período íntegro e incorporará de forma especial, a avaliación dos indicadores do programa.

## 5. FUNCIÓNS E OBRIGACIÓNS DA PERSOA OU ENTIDADE ADXUDICATARIA

A prestación do servizo está suxeita ás seguintes funcións e obrigas:

- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- A persoa ou entidade adxudicataria non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP-RP para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra. Ver tamén apartado 5.1. sobre confidencialidade e deber de sixilo.
- A persoa ou entidade adxudicataria non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP-RP. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.
- A persoa ou entidade adxudicataria deberá cumprir todas as obrigas que lle corresponden relativos ao exercicio das súas actividades empresariais, así como aquelas de carácter laboral en relación aos seus empregados, incluídas as de previsión, seguridade social, etc.
- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Ver tamén apartado 5.2. relativo a protección de datos de carácter persoal.

### 5.1. Confidencialidade e deber de sixilo.

O contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobres os traballos e os seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo e expreso da entidade de contratación.

### 5.2. Protección de datos de carácter persoal.

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del.

O licitante ou adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

– a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela;

– a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato;

– a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.

Considérase información confidencial aquela á que o adxudicatario acceda en virtude do presente contrato, especialmente a de tipo técnico u tecnolóxico, de produción de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público e notorio.

Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos dende o coñecemento desta información.

**Os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas foron aprobados pola Comisión de pregos delegada da Xunta Directiva do GALP-RP.**

En Marín, a 13 de Marzo de 2024.

**Concello de Sanxenxo**

MARTINEZ SANTOS PAULA - 76826587D

Firmado digitalmente por MARTINEZ SANTOS PAULA - 76826587D
Fecha: 2024.03.13 12:24:57 +01'00'

Asdo.: Paula Martínez Santos

**Concello de Meaño**

Firmado por ***0972** CARLOS VIEITEZ (R: ****2700*) el día 13/03/2024 con un certificado emitido por AC Representación

Asdo.: Carlos Vieitez Fernández

---

**Concello de Bueu**

Firmado por CARBALLO GONZALEZ SILVIA - ***1545** el día 20/03/2024 con un certificado emitido por

Asdo.: Silvia Carballo González

**Asociación Irmandade Illa de Tambo**

Firmado por ARIS ABILLEIRA, MIGUEL ANGEL (FIRMA) el día 18/03/2024 con un certificado emitido por AC DNIE 006

Asdo.: Miguel Ángel Aris Abilleira

---

*Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación.*
*Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%*

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA" PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA) 2021-2027**

**REUNIDOS**

Dunha parte, Dª Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar da Xunta de Galicia nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e de conformidade, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e actuando no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente,

E doutra, a asociación seleccionada a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, Asociación "Ría de Pontevedra" (en adiante, GALP) con sede Departamento de Exportadores, núm. 14, Lonxa de Marín, Porto de Marín, concello de Marín, código postal 36900, provincia de Pontevedra, e con número de identificación fiscal G36593606 , representado pola súa presidenta, María del Carmen Vázquez Nores con número de identificación fiscal 35308466Q, nomeada por acordo do órgano competente da asociación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 18 dos seus Estatutos.

As dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente convenio de colaboración.

**EXPOÑEN**

**Primeiro**.- O Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados, establece no Titulo III, Capitulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) levarase a acabo

mediante estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) deseñadas e executadas polos grupos de acción local.

**Segundo**.- O Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, regula no artigo 30 o Desenvolvemento Local Participativo, que se enmarca na Prioridade 3 do fondo de "Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas".

A Prioridade 3 do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) encadrase no obxectivo político 5 da Unión, de "Unha Europa máis próxima aos seu cidadáns, fomentando o desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais".

**Terceiro.-** O Programa do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura foi presentado por España á Comisión Europea con data 20 de outubro de 2022. O programa contempla o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) como unha ferramenta de dinamización do territorio e dentro da Prioridade 3 do fondo contempla as estratexias de desenvolvemento local participativo.

**Cuarto.-** En base á Orde do 10 de maio de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, e para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia , seleccionaranse un máximo de oito Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) e estratexias de desenvolvemento local participativo para as diferentes zonas pesqueiras do litoral galego.

**Quinto**.- De conformidade co previsto no artigo 19 da Orde de 10 de maio de 2022, os GALP funcionarán baixo a figura de entidade colaboradora, para o cal se formalizarán os correspondentes convenios de colaboración.

**Sexto.-** A celebración do presente convenio de colaboración deberá publicarse conforme ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega.

**Sétimo.-** Mediante o presente convenio se determina o réxime de obrigas asumidas polos GALP, sen prexuízo das instrucións que no exercicio das súas competencias dite a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, como Organismo Intermedio de Xestión (OIX).

**Oitavo.-** O GALP que asina declara, segundo o modelo que se xunta como Anexo II, que non está incurso en ningunha das circunstancias dos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e que non se atopan en ningún dos supostos establecidos no artigo 11.1.a) e b) e 3 do Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021 .

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar este convenio, coas seguintes:

**CLÁUSULAS XERAIS**

**Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar as partes na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada pola resolución da conselleira do Mar de data 13.12.2022 e, en particular, as funcións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión, control, seguimento e avaliación das axudas para o desenvolvemento de dita estratexia.

**Segunda.- Duración do convenio**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata o cumprimento dos compromisos que cada unha das partes asume coa subscrición do mesmo. En todo caso, a duración non será superior a catro anos, sen prexuízo da posibilidade de prórroga conforme o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O GALP non poderá disolverse ata transcorridos cinco anos despois do último pagamento realizado no marco da EDLP, salvo que o grupo garanta previamente á Consellería do Mar, a través de calquera medio admisible en dereito, as responsabilidades contraídas.

**Terceira.- Ámbito territorial**

O ámbito territorial de aplicación deste convenio é o territorio en que se desenvolverá a EDLP, e comprende os seguintes concellos: Bueu, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo e Meaño.

**Cuarta.- Natureza do convenio**

Este convenio ten a natureza prevista no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do seu artigo 6.2.

**Quinta.- Xurisdición**

As cuestións litixiosas que poidan xurdir en interpretación deste convenio, unha vez rematada a vía administrativa, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Sexta.- Da non constitución de garantía**

A colaboración prevista neste convenio non se estende á entrega e xustificación dos fondos aos beneficiarios das axudas polo que, ao abeiro do artigo 65.1) e 2) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, non se considera necesaria a constitución de garantía.

**Sétima.- Consentimento sobre a publicidade de axudas e sancións**

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a sinatura deste convenio leva implícito o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos nos citados rexistros, que dependen da Consellería de Facenda e Administración Pública.

**Oitava.- Seguimento**

1. Coa finalidade de garantir o efectivo cumprimento do convenio, constituirase unha comisión de seguimento paritaria, integrada por dous representantes da Consellería do Mar e dous do GALP, que serán quen ostenten a Presidencia e a Xerencia. A Comisión estará presidida pola persoa titular da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Poderán celebrarse reunións de maneira conxunta coas Comisións doutros GALP.

2. A Comisión terá como función o seguimento e control do cumprimento do convenio, resolvendo as dúbidas e controversias que se poidan suscitar na súa aplicación.

No caso de discrepancia entre as partes, a Consellería do Mar terá a prerrogativa de interpretación do convenio.

**Novena.-Modificación do convenio**

Este convenio poderá modificarse pola Consellería do Mar, ben por iniciativa propia ou por previa petición motivada do GALP, mediante a subscrición da correspondente addenda e logo dos informes e autorizacións preceptivas. As modificacións deberán asinarse antes da finalización do prazo de vixencia.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando o orzamento asignado para a execución da EDLP varíe como consecuencia de reprogramacións do plan financeiro do programa do Fondo, do ritmo de execución da Estratexia, da redistribución de Fondos entre Estratexias dos GALP, da incorporacións de créditos a exercicios posteriores, ou calquera outra modificación orzamentaria, o convenio entenderase modificado sen necesidade de tramitación específica, agás que algunha das modificacións con leven autorización do Consello da Xunta de acordo coa normativa vixente, en cuxo caso recadárase autorización de dito órgano.

Ademais, as modificacións normativas comportarán a modificación deste convenio sen necesidade da mesma tramitación específica.

**Décima.- Resolución do convenio**

1. Este convenio poderá rescindirse de mutuo acordo entre as partes ou por incumprimento das obrigas establecidas no mesmo.

2. No caso de grave irregularidade do GALP no exercicio das súas funcións, a Consellería do Mar poderá acordar a resolución unilateral do Convenio e a perda do GALP da súa condición de entidade colaboradora, que se tramitará respectando os principios aplicables do procedemento sancionador establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A estes efectos considéranse irregularidades graves:

a) A ausencia ou atraso inxustificado na tramitación de expedientes e/ou a tramitación/selección de proxectos de xeito neglixente ou arbitrario.

b) A non aplicación do principio de portas abertas no acceso ao GALP.

c) A ausencia de difusión da estratexia na comunidade local.

d) A non adopción de medidas correctoras ou preventivas sinaladas pola Consellería do Mar como consecuencia das funcións de seguimento e control do programa que ten encomendadas.

e) A perda polo GALP das condicións necesarias para ser seleccionado como entidade colaboradora.

f) O incumprimento grave das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

3. A resolución do convenio suporá que o GALP perde a súa condición de entidade colaboradora e que non poderá percibir as axudas vinculadas ao capitulo IV do FEMPA (Prioridade 3), sen prexuízo dos supostos nos que proceda o reintegro dos Fondos e a imposición de sancións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con carácter previo, poderán adoptarse as medidas cautelares que se estimen oportunas co obxecto de non causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

4. Os proxectos promovidos polo GALP que se estean executando no momento da resolución do convenio, haberán de rematarse e xustificarse segundo as regras xerais.

5. No suposto de extinción por causa distinta á expiración do prazo de vixencia, o GALP deberá entregar un informe con toda a situación dos expedientes á data na que se dea por resolto o convenio. De ser o caso, a Consellería do Mar aboará a cantidade debida dende o último pago realizado, ata a data na que se dea por resolto o convenio.

6. No caso de disolución do GALP, ou cando este non precise os equipamentos adquiridos con cargo ao Programa, as axudas das que o GALP sexa adxudicatario destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento sostible na zona pesqueira, ou que persigan fins similares de desenvolvemento local.

7. Os restantes incumprimentos das funcións e obrigas do GALP poderán dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as

irregularidades cometidas e dende a notificación do requirimento que sexa efectuado a tal fin.

**Décima primeira.- Da modificación da EDLP**

A modificación da EDLP deberá ser autorizada pola dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, previa solicitude motivada do GALP, e tendo en conta os resultados do proceso de avaliación, ou ben para dar resposta a causas extraordinarias.

Non se considera modificación da Estratexia a transferencia dun 15% da asignación financeira entre obxectivos estratéxicos do Programa de axudas, previa comunicación á dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

**CLAUSULAS ESPECÍFICAS**

**Décima segunda.- Funcións da Consellería do Mar**

1.As funcións da Consellería do Mar son as seguintes:

a) Xestión e control financeiro do Programa.

b) Asegurar a correcta aplicación da prioridade 3 do FEMPA no ámbito de actuación do GALP, realizando as verificacións administrativas e sobre o terreo das operacións, segundo corresponda.

c) Aprobación, no seu caso, dos anticipos descritos no Programa.

d) Aprobación e publicación das bases e convocatorias de axudas en medios oficiais para a aplicación das EDLP dos GALP, e resolución das mesmas.

e) Comprobación da elixibilidade das operacións.

f) Garantir que se dispón dun sistema informatizado de rexistro e almacenamento de datos contables relacionados con cada unha das operacións correspondentes ao Programa, e que se procede á recompilación de datos sobre a execución, necesarios para a xestión financeira, o seguimento, as verificacións, as auditorías e a avaliación.

g) Realizar ao GALP as aportacións económicas establecidas, en concepto de gastos de funcionamento e animación.

h) Garantir o cumprimento dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación establecidos nos artigos 46 a 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 e no artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139.

i) Sen prexuízo da normativa aplicable, ditar instrucións relativas ao funcionamento e xestión da prioridade 3 do FEMPA, que serán de obrigado cumprimento por parte do GALP.

j) Garantir o cumprimento da normativa comunitaria, estatal e autonómica.

k) Aplicación de medidas antifraude, eficaces e proporcionadas e manter a necesaria cooperación co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude, a autoridade de xestión e outras autoridades responsables dos procedementos.

2. O Organismo Intermedio de Xestión non delegará nos GALP aquelas funcións previstas no Regulamento (UE) 2021/1060, que a Autoridade de Xestión previamente delegara nel.

3. A Consellería do Mar poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a coordinación de actuacións e outros aspectos que axuden á correcta aplicación da EDLP. A sinatura destes instrumentos será tida en conta polo GALP no exercicio das súas funcións.

**Décimo terceira.- Principios de actuación dos GALP**

1. Para o cumprimento dos obxectivos da EDLP, tendo en conta o carácter público dos Fondos que a financian, a actuación do GALP deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación do GALP:

a) Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertenzan ou non ao GALP, así como con outros GALP.

b) Imparcialidade, mediante o seguimento do procedemento que o GALP recolla na súa EDLP para evitar o conflito de intereses que afectará, en calquera caso, aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GALP. En todo caso, para evitar o conflito de intereses arbitrarase un mecanismo para que, nas tomas de decisións dos órganos do GALP, as declaracións de intereses queden perfectamente documentadas e formen parte do expediente.

c) Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos, como dos proxectos subvencionados, así como das contratacións que deba facer o GALP.

d) Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, sistema contable permanentemente actualizado, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten, e na sinatura por persoa delegada, en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.

e) Libre concorrencia, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación dos recursos humanos ou materiais, por parte do GALP, agás os de usos cotiáns de pequena contía.

f) Obxectividade mediante a aplicación aos proxectos da normativa para a xestión da EDLP, en particular, dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidos e feitos públicos na propia Estratexia, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.

g) Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais.

h) Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GALP para a xestión da Estratexia, en particular, dos criterios para a selección e priorización de proxectos.

i) Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da Estratexia.

j) Eficiencia, de xeito que cun menor coste posible se consiga o maior beneficio económico e social, ou unha maior protección do medio ambiente, co fin de acadar unha mellor relación entre o importe, as actividades realizadas e a consecución dos obxectivos.

2. O GALP rexerase polo principio de portas abertas, entendido como a posibilidade da libre incorporación, tanto no momento da constitución do GALP como ao longo do período de execución do Programa, das entidades con implantación local que, reunindo os requisitos esixidos para adquirir a condición de asociadas, soliciten a súa incorporación ao GALP.

**Décima cuarta.- Funcións do GALP**

1. O GALP, en canto entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión da EDLP, asume as seguintes funcións e obrigas:

a) As tarefas establecidas no artigo 33.3 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

b) Asesorar tecnicamente aos posibles beneficiarios de axudas, co fin de estimular o desenvolvemento económico e social do seu ámbito territorial, no marco da EDLP.

c) Garantir a coherencia coa EDLP ao seleccionar ás operacións.

d) Promover a dinamización territorial e a mobilización social, e divulgar as diferentes medidas incluídas na Estratexia.

e) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.

f) Informar aos beneficiarios das súas obrigas e guialos nas súas tarefas de xestión e comunicación. Comprobar o cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060 e no Regulamento (UE) 2021/1139.

g) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento das zonas pesqueiras, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como do Estado ou da UE.

h) Aplicar o Manual de Procedemento do FEMPA para este tipo de intervención, que será proporcionado pola Consellería do Mar, así como utilizar a aplicación informática que facilite a mesma.

i) Dinamizar, promover e valorizar a zona pesqueira e sensibilizar a todos os axentes, así como implicalos nas accións e actividades levadas a cabo polo GALP, facilitando a participación da sociedade no desenvolvemento do Programa.

j) Posibilitar entre as entidades asociadas o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.

k) Promover ou participar, no seu caso, en proxectos de cooperación transnacional e interterritorial fóra e dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as bases reguladoras e convocatorias correspondentes.

l) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

m) Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro, e prioritariamente as mulleres, mozos/as e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.

n) Promover o traballo en rede das mulleres do sector pesqueiro e o seu asociacionismo.

o) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas de pesca co fin de manter o seu atractivo, recuperar e desenvolver o patrimonio natural e cultura das zonas pesqueiras.

p) Calquera outra que favoreza o desenvolvemento local participativo das zonas pesqueiras.

**Décima quinta.- Difusión da EDLP.**

Entre as actuacións de animación e de promoción do territorio do GALP, debe realizarse a difusión da estratexia na zona pesqueira. Con esta finalidade, o GALP deberá:

a) Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio na maior extensión posible, co fin de que o Programa sexa coñecido pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.

b) Dar publicidade das actividades programadas e realizadas de animación da EDLP á Consellería do Mar para que esta poida incorporala ás súas páxinas web.

c) Ter á disposición do público, no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, así como nas páxinas web que correspondan, información actualizada do Programa, das axudas dispoñibles no marco deste, das normas do GALP para a xestión do Programa, convocatorias e demais información relevante.

d) Difundir a Estratexia no territorio de actuación, as convocatorias e axudas dispoñibles no seu marco e a apertura de prazos de solicitude, de xeito que os coñeza a maior parte da poboación.

e) Difundir, ao longo do período de programación, información relativa á evolución da EDLP.

f) Dar a coñecer a sede do GALP mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións financiadoras no material impreso que use o GALP e nas actuacións promovidas por este.

As actuacións do GALP deben cumprir as regras de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 e no Regulamento (UE) 2021/1139.

g) Dar publicidade ao principio de portas abertas do GALP.

**Décima sexta.- Gastos de funcionamento e de animación dos GALP**

1. En orde ao correcto cumprimento da aplicación da EDLP e das funcións do GALP, deberá dotarse dos medios persoais e materiais axeitados, para o que poderá realizar gastos de funcionamento e animación segundo o establecido no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/1060.

2. Os gastos de funcionamento ou explotación subvencionables son os vinculados á xestión, seguimento e avaliación da posta en práctica da EDLP, e consistirán en:

a) Gastos de persoal, que terá a cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión do Programa. Ditos gastos incluirán retribucións salariais, cotizacións á Seguridade Social e indemnizacións debidas á extinción dos contratos do persoal contratado para a implementación da EDLP.

b) Asistencia técnica en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da EDLP. As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais, contables, e de auditoria.

c) Gastos notariais, rexistrais e periciais.

d) Subministracións externas (consumo de servizos de natureza diversa).

e) Material informático, telemático e de reprografía.

f) Gastos relativos á sede do GALP (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, telefonía, electricidade, limpeza, internet, material funxible, etc...).

g) Gastos referidos á constitución de avais ou de garantías bancarias que sexan necesarios para a tramitación e concesión dos anticipos correspondentes á axuda pública destinada aos gastos de funcionamento e animación do GALP.

h) Gastos de constitución de pólizas bancarias.

i) Gastos vinculados ao traballo en rede.

j) Gastos correspondentes a actividades formativas do persoal e membros do grupo.

k) Gastos de seguros.

l) Gastos relativos ao seguimento e avaliación da Estratexia.

m) Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da Consellería do Mar, tales como os gastos de representación institucional, as axudas de custo e desprazamento e gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GALP, a excepción de calquera tipo de retribución por asistencia a elas. Tanto as axudas de custe coma os gastos por desprazamentos limitaranse as contías máximas que se establezan por instrución do organismo intermedio de xestión.

3. Non se consideran subvencionables os gastos seguintes:

a) Os derivados de despedimentos improcedentes.

b) Os xuros debedores das contas bancarias.

c) Os xuros e recargas de carácter tributario.

d) As sancións pecuniarias administrativas e penais.

e) O IVE recuperable, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación segundo a normativa nacional vixente.

4. Os gastos de animación da EDLP teñen a finalidade de intercambio entre as partes interesadas para subministrar información e fomentar a Estratexia, para apoiar aos beneficiarios potenciais con vista a desenvolver operacións e para mobilizar ás persoas e organizacións para que xeren novas ideas e leven a cabo actividades que beneficien á comunidade local.

Poderán ser subvencionables os seguintes gastos:

a) Información, sensibilización, difusión e promoción da Estratexia no territorio de actuación.

b) Fortalecer a capacidade dos axentes locais e das organizacións da comunidade.

c) Cursos, encontros, xornadas, seminarios, congresos.

d) Estudos, informes, publicacións.

e) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.

f) Intercambio de experiencias, visitas de estudo, viaxes, presenza en feiras e eventos, incluído fóra do ámbito territorial de actuación do grupo, etc. coa finalidade de proceder a valorizar e difundir o territorio do GALP e a EDLP.

g) Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación e accións conxuntas.

h) Valorización do patrimonio cultural inmaterial da zona pesqueira.

i) Accións de sensibilización para difundir as condicións ambientais do territorio, así como os efectos negativos do cambio climático e as posibles accións de mitigación que se adopten no territorio.

j) Calquera outro validado polo organismo intermedio de xestión.

5. O GALP realizará unha previsión anual de actuacións e gastos destinados á animación da EDLP, para o cal presentará anualmente, diante da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, un Plan de animación da EDLP.

O dito Plan de animación presentarase antes do 1 de febreiro de cada ano.

O Plan poderá será obxecto de revisión no caso de que varíen as circunstancias inicialmente previstas, previa solicitude razoada do GALP, na que se xustifique a oportunidade e conveniencia dos cambios, en función dunha aplicación da EDLP máis eficaz e/ou eficiente.

6. O GALP poderá imputar os gastos de funcionamento e animación en que incorrese dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026.

7. A intensidade da axuda para os gastos de funcionamento e animación poderá ser do 100%.

8. Os gastos de funcionamento e animación serán executados e xustificados polo GALP presentando a seguinte conta xustificativa:

a) Memoria xustificativa da realización das actividades, pagos ou investimentos, sinalando os diferentes conceptos de gasto.

b) Declaración responsable de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo gasto.

c) Relación de facturas, indicando o número de facturas, nome da empresa emisora e NIF, importe total, con desagregación do IVE, e facturas orixinais ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados, xunto cos xustificantes bancarios do pagamento das ditas facturas.

d) Certificacións acreditativas de estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

e) Nóminas do persoal do GALP, TC e xustificantes da práctica do ingreso a conta do I.R.P.F. retido.

f) Relación dos gastos cos xustificantes, relativos ás axudas de custo.

g) Na xustificación da adquisición de maquinaria e equipamento deberase xuntar unha relación dos equipamentos subvencionados na cal conste marca, modelo e número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación así unha certificación asinada polo xerente e ratificada pola persoa que ocupe a secretaría do grupo na que se fagan constar as características do investimento e o cumprimento das medidas de información e publicidade.

h) Na xustificación de xornadas, seminarios ou actividades semellantes deberase achegar copia dos temas tratados, relación de asistentes coas sinaturas

correspondentes, diplomas asinados, conclusións, así como dossier de prensa con fotografías, se é o caso, e calquera outro documento que achegue evidencia da súa celebración.

h) A xustificación acompañarase dun informe de auditor de contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que cumpra coas instrucións específicas que se diten, e que certifique:

i. Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custo se certifica foron efectivamente realizadas.

ii. Que os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagos.

O Organismo intermedio de xestión poderá ditar instrucións para desenvolver a xustificación dos gastos de funcionamento e animación.

9. O GALP deberá empregar rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados, no que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados cos gastos de funcionamento e animación.

Para os cobros e pagamentos, o GALP utilizará unha única conta bancaria.

Ademais o GALP levará os libros e rexistros contables específicos para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas no presente convenio.

10. A Consellería do Mar aboará os gastos de funcionamento e animación ao GALP do seguinte xeito:

Previa petición dos GALP, poderá concederse un anticipo para os gastos de funcionamento e animación dun 50% do total do orzamento dispoñible en cada anualidade, e unha vez xustificados os gastos correspondentes ao anticipo, o grupo poderá solicitar o 50% restante.

Os GALP poderán percibir pagamentos a conta e anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada, co límite da anualidade orzamentaria.

Os gastos serán xustificados trimestralmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

Os gastos de funcionamento e animación dos GALP non sometidos a anticipo xustificaranse como máximo o 20 de decembro de cada anualidade.

Excepcionalmente os gastos que se devenguen no exercicio corrente pero que se abonan ao mes seguinte (retencións de IRPF, Seguridade Social, etc) poderán imputarse ao orzamento do ano seguinte e xustificarse ata o 31 de xaneiro do mesmo. Na última anualidade, estes custos poderán xustificarse ata o 31 de xaneiro do ano seguinte.

O GALP reintegrará á Administración Autonómica os fondos recibidos e non xustificados, ou xustificados indebidamente.

11. Os fondos públicos transferidos á conta bancaria non poderán ser destinados a unha finalidade diferente para o cumprimento do fin para o que foron concedidos.

12. O GALP poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para o cumprimento dos seus fins.

**Décima sétima.- Persoal do GALP**

1. O GALP deberá contar co persoal necesario para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora, das que unha, como mínimo, será a persoa encargada da xerencia.

O equipo técnico do GALP pode estar constituído por un/unha xerente, persoal técnico, e persoal administrativo.

2. A selección do persoal do GALP deberá cumprir, ademais dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, os principios de:

a) Publicidade da convocatoria e das bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade dos membros do órgano de selección.
d) Adecuación entre o contido do proceso e as funcións e tarefas que se van a desenvolver.

3. A selección de persoal cumprirá os seguintes requisitos:

a) Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou na provincia ou provincias, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal lle enviará unha comunicación do anuncio.

b) Apertura dun prazo de, polo menos, quince días hábiles para a presentación de solicitudes, que empezará a contar desde a última publicación nos medios indicados na letra anterior.

c) Realización dun procedemento de selección que garanta os coñecementos do persoal.

d) Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.

4. As características dos postos de traballo que poida contratar o GALP serán as seguintes:

a) Xerente, que é o máximo responsable técnico do Programa, con titulación de licenciado ou equivalente; titulo universitario de master, grao ou calquera outro título universitario do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.

O/a xerente terá dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

A retribución elixible será dun máximo de 39.500 euros anuais, para un contrato de traballo a tempo completo. A persoa xerente non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.

b) Persoal técnico, con titulación universitaria oficial de grao, licenciado ou equivalente do nivel 3 do marco español de cualificacións para a educación superior.

A retribución elixible será dun máximo de 31.000 euros anuais para un contrato de traballo a tempo completo.

c) Persoal administrativo:

1º Administrativo/a: debe ter o título de bacharelato ou equivalente. A retribución elixible será dun máximo de 24.500 euros anuais para un contrato de traballo a tempo completo.

2º Auxiliar administrativo/a: debe ter o título da ESO ou equivalente. A retribución elixible será dun máximo de 21.000 euros anuais para un contrato de traballo a tempo completo.

5. No caso de dedicacións parciais, ás retribucións establecidas anteriormente aplicarase a redución correspondente de forma proporcional.

6. Os salarios brutos máximos imputables á Estratexia poderán ser actualizados anualmente en función da variación do índice de garantía de competitividade (IGC).

7. O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral e, polo tanto, seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.

8. O presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que participen no seu desenvolvemento e a Consellería do Mar, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da mesma.

9. O persoal fará unha declaración na que conste que non están incursos nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Administración Pública, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.

10. O/a xerente fará unha declaración na que conste que ten dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

11. No caso de que o GALP xa dispoña de persoal contratado na data da sinatura deste convenio, de conformidade co establecido nos puntos 2 e 3 desta cláusula, non será necesario que seleccione novo persoal.

O GALP certificará o cumprimento desta circunstancia, no seu caso.

**Décima oitava.- Réxime de contratación do GALP**

A contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP no marco dos gastos de funcionamento e animación, a excepción do previsto con respecto ao persoal, que se rexerá pola cláusula anterior, realizarase segundo os principios de liberdade, publicidade e

transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e de eficiencia, conforme se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos.

O GALP terá en conta as instrucións que emita o organismo intermedio de xestión en materia de contratación.

**Decimo novena.- Das obrigas de información do GALP**

O GALP deberá comunicar, no prazo máximo dun mes a terse producido, as variacións nos estatutos e regulamento de réxime interior, na composición dos órganos de decisión do GALP, enderezo, correo electrónico e outros datos de contacto similares, así como calquera variación que resulte relevante para a súa correcta comunicación coa Consellería do Mar.

**Vixésima.- Da obriga de seguimento e avaliación da aplicación da EDLP**

1. O GALP elaborará un informe anual de seguimento dos avances realizados na consecución dos obxectivos da EDLP e de avaliación da execución da mesma, que remitirá á Consellería do Mar antes do 1 de abril do ano seguinte.

Este informe terá o seguinte contido mínimo:

a) Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, debidamente dilixenciadas polo secretario do GALP.

b) Relación actualizada de membros do GALP.

c) Memoria de seguimento e avaliación da EDLP, conforme ao modelo proporcionado pola Consellería do Mar.

d) Calquera outra circunstancia relevante para a correcta execución do EDLP.

Antes da remisión á Consellería do Mar, o informe deberá ser sometido á aprobación da asemblea xeral do GALP.

2. O GALP proporcionará á Consellería do Mar e/ou aos avaliadores designados, toda a información relacionada coa xestión que sexa necesaria para o seguimento e avaliación da prioridade 3 do FEMPA.

**Vixésima primeira.- Funcións do GALP no procedemento de concesión de axudas**

1. O GALP, como entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control das axudas que se convoquen para a execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo aprobadas pola Consellería do Mar, cumprirá as seguintes funcións:

a) **Con carácter xeral:**

1º Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GALP, nas que conste o calendario e horario de atención ao público. A oficina ou oficinas estarán identificadas en lugar visible mediante un cartel ou placa que recolla os requisitos de comunicación establecidos no artigo 50.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 e no artigo 60.1 do Regulamento (UE) 2021/1139.

2º Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas sobre o contido da EDLP e sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas.

3º Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo ao Programa, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, de 13 do xuño, de subvencións de Galicia, así como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condicións para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.

4ºTramitar dilixentemente os expedientes desde que o promotor presente a solicitude.

5º Utilizar a aplicación informática que a Consellería do Mar poña a disposición dos GALP.

6º Realizar o tratamento dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión das EDLP, conforme á cláusula vixésima cuarta.

7º Comprobar a aplicación polos beneficiarios das regras de información, comunicación e publicidade das operacións subvencionadas polo FEMPA. A estes efectos, o GALP facilitaralles aos promotores os modelos dos carteis, placas ou logotipos para informar, comunicar e dar publicidade ao proxectos subvencionados.

8º Preparar e dar publicidade ás convocatorias de proxectos. A estes efectos, o GALP elaborará unha proposta de contido da convocatoria (obxectivos estratéxicos, criterios de selección, a intensidade da axuda....) en consonancia coa súa estratexia, que trasladará ao organismo intermedio de xestión.

O GALP publicará no seu sitio web un calendario indicativo das convocatorias de proxectos, previa consulta ao organismo intermedio de xestión da data e contido da convocatoria, e da contía de fondos dispoñibles previstos.

As bases reguladoras e a convocatoria serán aprobadas e publicadas en medios oficiais pola Consellería do Mar.

O GALP divulgará as convocatorias nos medios adecuados para a súa correcta difusión.

b) **Respecto da selección dos proxectos para o desenvolvemento da EDLP nos que os GALP non son beneficiarios:**

O GALP seleccionará proxectos que se encadren na EDLP segundo os obxectivos da Estratexia, de acordo coas bases reguladores, e aplicando os criterios de selección non discriminatorios e transparentes que figuran nas mesmas.

1º O equipo técnico do GALP realizará as seguintes tarefas:

i. Comprobar a correcta e completa presentación das solicitudes segundo os requisitos que se establezan no réxime de axudas correspondente. Con esa finalidade o GALP poderá solicitar documentación complementaria, informes sectoriais das Administracións competentes e realizará calquera outra actuación propia da instrución, segundo a normativa vixente.

ii. Realizar unha comprobación *in situ* de que os proxectos e actividades para os cales se solicitou a axuda non se iniciaron, e redactar a acta de non inicio no caso de investimentos materiais.

iii. Comprobar que a operación se inclúe no ámbito de aplicación do FEMPA e se atribúe a un tipo de intervención, é coherente coa EDLP e contribúe eficazmente á consecución dos seus obxectivos.

iv. Emitir un informe técnico que inclúa a determinación da admisibilidade, elexibilidade e viabilidade dos proxectos presentados conforme ao que se estableza no réxime de axudas, incluído que se garante que a

operación presenta a mellor relación entre o importe da axuda, as actividades emprendidas e a consecución dos obxectivos, e a viabilidade financeira dos investimentos en infraestructuras ou investimentos productivos.

v. Avaliar e baremar os proxectos, segundo os criterios obxectivos de valoración establecidos na EDLP.

vi. Finalizados os traballos anteriores, o equipo técnico do GALP elevará á Xunta Directiva unha proposta técnica de resolución de concesión de axuda.

2º A Xunta Directiva realizará as seguintes tarefas:

i. Á vista da proposta do equipo técnico, seleccionará os proxectos que considere prioritarios para a execución da EDLP, de conformidade cos criterios establecidos nela e, previa fase de alegacións e análise das mesmas, realizará unha proposta de resolución de concesión de axudas na que se fixen os importes e intensidade da axuda, que elevará á Consellería do Mar. Terase en conta que ningún grupo de interese único controle a toma de decisións segundo establece o artigo 31.2.b) do Regulamento (UE) 2021/1060.

ii. A Consellería do Mar realizará a verificación final da elixibilidade e resolverá a concesión das axudas segundo a proposta de resolución definitiva do GALP, salvo que se constate defecto de legalidade ou do procedemento de selección dos proxectos.

iii. Se o equipo técnico do GALP, no proceso de instrución, conclúe que o proxecto non é admisible, elixible ou existe desistimento ou renuncia polo promotor, daralle traslado á Xunta Directiva do GALP para que tome o acordo correspondente, decisión que se trasladará á Consellería do Mar, que resolverá segundo a proposta de resolución do GALP, agás que se constate algún defecto na proposta de resolución.

c) **Respecto ás xustificacións de proxectos nos que os GALP non son beneficiarios:**

1º Recibir a documentación xustificativa da execución dos proxectos seleccionados, comprobando que está completa.

2º Comprobar a correcta xustificación dos gastos subvencionados segundo o que se dispoña no réxime de axudas e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e resto de normativa de aplicación.

Inclúese a comprobación da veracidade dos indicadores de resultados, o cumprimento dos compromisos de emprego, os requisitos de publicidade e comunicación e a regularidade do gasto subxacente.

3º Remitir un informe de auditoría con cada certificación que presente o GALP á Consellería do Mar, conforme se estableza no réxime de axudas.

Este informe de auditoría haberá de ser elaborado por un auditor externo, inscrito no ROAC.

4º Remitir á Consellería do Mar as solicitudes de pagamento dos beneficiarios coa documentación acreditativa, segundo se dispoña no réxime de axudas.

5º O GALP non colabora na distribución dos fondos aos beneficiarios, polo que será a Consellería do Mar quen, comprobadas as xustificacións e a elixibilidade do gasto, proceda a realizar os pagamentos aos beneficiarios.

6º O grupo elaborará informes e propostas sobre reintegro e perda do dereito ao cobro, de ser o caso.

d) **Respecto ao control e seguimento dos proxectos:**

1º Informar aos beneficiarios sobre as súas obrigas segundo o que se dispoña no réxime de axudas e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na normativa comunitaria de aplicación.

2º Realizar actuacións de seguimento e control dos proxectos subvencionados e comunicarlle á Consellería do Mar calquera incidencia ou irregularidade, de acordo coas directrices que estableza o organismo intermedio de xestión.

2. O incumprimento do establecido no apartado 1 poderá dar lugar á suspensión temporal dos pagos dos gastos de funcionamento e animación ata que se corrixa o mesmo.

3. Os aspectos técnicos da xestión das axudas será obxecto de regulación no réxime de axudas ou ben nas instrucións que se diten ao respecto.

e) **Proxectos de cooperación entre GALP (proxectos propios)**

Os GALP seleccionarán os proxectos de cooperación que se encadren na EDLP, segundo os obxectivos das Estratexias e de acordo coas bases reguladores, aplicando os criterios de selección non discriminatorios e transparentes que figuran nas mesmas.

1º A xunta directiva dos grupos que participan no proxecto de cooperación aproban a presentación do proxecto para a concesión de axuda ante a Consellería do Mar. O grupo coordinador presentará a solicitude de proxecto no seu propio nome e en representación dos grupos cooperantes que participan no proxecto.

O GALP coordinador é o interlocutor co organismo intermedio de xestión para proporcionar toda a información requirida, e é designado por acordo dos grupos participan
No caso de proxectos de carácter interterritorial o transnacional nos que o grupo coordinador non sexa da Comunidade Autónoma de Galicia, designarase un grupo coordinador específico para Galicia que si o sexa e asuma as funcións e responsabilidades de grupo coordinador na parte do proxecto financiado con cargo á orde e ás bases.

No caso de proxectos de cooperación interterritoriais ou transnacionais, o proxecto corresponderá coa parte cuxa execución estea prevista que efectúen os grupos da Comunidade Autónoma de Galicia participantes.

2º A Consellería do Mar realizará un control administrativo da solicitude de axuda. O órgano instrutor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, que trasladará ao comité de selección a través dos grupos coordinadores.

3º Un Comité de selección estudará os proxectos e os avaliará en función dos criterios de selección. O comité estará constituído por persoas designadas polos grupos que non participaron na decisión de realización do proxecto, na súa elaboración nin na decisión de presentación do mesmo ante a Consellería do Mar.

4º O comité de selección emitirá proposta favorable ou desfavorable que elevará á Consellería do Mar.

5ºA Consellería do Mar resolverá a concesión de axuda, denegación ou desistimento, segundo o caso.

**Vixésima segunda.- Comprobación de actuacións e control financeiro**

1. O GALP someterase ás actuacións de comprobación e de control que, con respecto da colaboración da execución da EDLP e da xestión dos Fondos, poida efectuar a Consellería do Mar, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que soliciten realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, nacionais como comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden.

2. Durante os cinco anos seguintes a partir do 31 de decembro do ano no que a Consellería do Mar efectúe o último pagamento dos gastos vinculados á execución da EDLP, o GALP deberá conservar, e, se é o caso, porá a disposición dos órganos mencionados, todos os documentos xustificativos relacionados cos gastos realizados.

3. Sen prexuízo das competencias do Organismo Intermedio de Xestión e outros organismos de xestión e control, o GALP asumirá a primeira responsabilidade de prevención e control de irregularidades.

O grupo comunicará á Consellería do Mar as irregularidades detectadas na aplicación do Programa, no momento no que sexan coñecidas.

Ambas partes adoptarán as medidas necesarias para a prevención, detección e corrección de irregularidades e o fraude na aplicación das dotacións financeiras asignadas.

**Vixésima terceira.- Normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP**

1. Na aplicación deste convenio e na xestión da EDLP terase en conta a normativa comunitaria, estatal e autonómica aplicable ás actuacións subvencionables. En particular, aplicaranse os seguintes actos e normas:

a) Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados.

b) Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.

c) O Programa do FEMPA para España 2021-2027.

d) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

g) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

j) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

k) Orde do 10 de maio de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, e para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia

l) A Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GALP.

2. Sen prexuízo do anterior, a Consellería do Mar poderá establecer regras complementarias e ditar instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

3. Así mesmo, a Consellería do Mar poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a complementariedade das axudas, a coordinación de actuacións ou outros aspectos que axuden á correcta aplicación das EDLP, que lle comunicará ao GALP para que os teña en conta no exercicio das súas funcións.

4. A sinatura do presente convenio implica o sometemento do GALP a todas as obrigas impostas ás entidades colaboradoras na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

**Vixésima cuarta.- Obrigas do GALP como encargado do tratamento de datos de carácter persoal.**

1. De conformidade cos artigos 12 e seguintes da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), e no capítulo III do título II do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica (RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GALP comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento dos datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Consellería do Mar, na aplicación da EDLP, e no marco do FEMPA:

a) Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión do Programa e atender ás instrucións da Consellería do Mar ao respecto.

b) Comprometerse a restrinxir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.

c) Respectar e darlle traslado, ao persoal que interveña no tratamento, da súa obriga de segredo profesional nos termos previstos no artigo 5 da LOPD-GDD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GALP coa Conselllería do Mar.

d) Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GALP garántelle á Consellería do Mar que todos os seus empregados, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.

e) No caso de que o GALP destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido e eximirá expresamente á Consellería do Mar de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obrigas impostas pola LOPD-GDD e a súa normativa de desenvolvemento.

2. No non previsto nesta cláusula, aplicarase a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

## CLAÚSULAS ECONÓMICAS

### Vixésimo quinta.- Orzamento para a execución da EDLP

1. A dotación financeira para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local é o importe reflectido na Resolución da Conselleira do Mar de 13 de decembro de 2022, pola que se selecciona o GALP e a Estratexia sinalada.

O orzamento público para a execución da EDLP ascende ao importe total de 5.604.016,83€.

2. O orzamento, dividido por anualidades e desagregado en gastos de funcionamento e animación, e axudas a proxectos para a aplicación de Estratexias, figura como Anexo I a este convenio.

3. O GALP adaptará o plan de financiamento establecido na súa EDLP á contía do punto 1, de conformidade co cadro que figura no Anexo I.

4. O orzamento asignado constitúe o marco financeiro con relación ao que o GALP seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos da EDLP. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e animación do GALP.

A axuda para os gastos de funcionamento e animación dos GALP non superará o 20% da contribución pública total á Estratexia.

5. En todo caso, segundo o artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, este orzamento está subordinado aos créditos que para cada exercicio se consignen nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. A partir de decembro de 2025, examinarase a evolución do programa de axudas para a aplicación da Estratexia. Os GALP que se retrasen na execución non acadando un compromiso do 50% dos Fondos asignados ao Programa de axudas verán axustada de oficio a súa asignación. O axuste corresponderá coa dotación resultante da diferencia entre o importe que represente o 50% do Programa de axudas e o importe comprometido do mesmo, xunto coa parte proporcional dos gastos de funcionamento e animación.

A dotación económica correspondente a este axuste distribuirase entre os GALP que acadaran o 50% de nivel de compromiso, no seu caso, tendo en conta os seguintes criterios:

a) Nivel de execución de Fondos.
b) Nivel de compromiso de Fondos.
c) Incidencias na xestión do procedemento e na tramitación de expedientes.

A redistribución de Fondos entre Estratexias dos GALP non require de modificación do convenio, de acordo coa cláusula novena.

**Vixésimo sexta.- Orzamento dos gastos de funcionamento e animación**

1. O orzamento para os gastos de funcionamento e animación do GALP, que constitúen o tipo de actividade 3.1.3 do Programa, será de 1.116.425,23€, ata o ano 2026, co seguinte reparto por anualidades, de acordo cos datos do Anexo I:

Ano 2023: 223.285,11€
Ano 2024: 251.741,29€
Ano 2025: 251.741,30€
Ano 2026: 389.657,53€

As fontes de financiación destes créditos son: 70% do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e 30% de fondos da Comunidade Autónoma.

2. As axudas para os gastos de funcionamento e animación está condicionada á efectiva existencia de crédito nos respectivos orzamentos xerais de cada ano.

3. A contía establecida no punto 1 poderá ser obxecto de axuste financeiro en función da execución do tipo de intervención 3.1.2 do FEMPA e dos cambios de dotación que puideran producirse na mesma conforme ao establecido nas cláusulas novena e vixésimo quinta punto 6.

**Vixésimo sétima.- Autorización previa do Consello da Xunta de Galicia**

1. De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, dado o carácter plurianual deste convenio de colaboración, e ao implicar a asunción de obrigas económicas para a Facenda autonómica por importe superior a 150.000 €, a sinatura deste convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

2. Logo da autorización do gasto polo Consello da Xunta de Galicia poderán adquirirse compromisos de gasto plurianuais derivados do presente convenio, que quedarán subordinados aos créditos que para cada exercicio se consignen nos

orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, para os sucesivos anos, segundo o disposto no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Conselleira do Mar                                                                 Presidenta do GALP

## ANEXO I.- CADRO FINANCEIRO DO ORZAMENTO DO GALP

| | | GASTO PÚBLICO DA EDLP | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 | TOTAL |
| Xestión, seguimento e avaliación da EDLP e a súa animación (máximo 20%) | Custes de funcionamento e animación da EDLP | 223.285,11 | 251.741,29 | 251.741,30 | 389.657,53 | 1.116.425,23 |
| Aplicación de estratexias EDLP | | 4.487.591,60 | | | | |
| TOTAL EDLP | | 5.604.016,83 | | | | |



*Tipo de actividade 3.1.3.- Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación. Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%*

# INFORME DE SEGUIMENTO 20XX

Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro XXX

Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

GALICIA 2014-2020
Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro

## 1. Introdución

Este informe ten como fin o de realizar unha avaliación do grao de cumprimento da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (en diante EDLP) para o ano ….. , por parte do GALP XXX.

Tal e como consta no regulamento de disposicións comúns (Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento e do Consello), cúmprese o establecido en relación ao seguimento da posta en práctica da estratexia e das operacións subvencionadas, (art. 33.1.f).

Dáse tamén cumprimento ao establecido na cláusula decimonovena, sobre a obriga de seguimento e avaliación da aplicación da EDLP, recollida no Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación GALP XXX, para a aplicación da EDLP no marco do desenvolvemento sostible das zonas de pesca do FEMP 2104-2020.

*Sobreescribir este parágrafo, indicando as fontes utilizadas na elaboración do Informe, e no caso de datos económicos a data contable á que fan referencia.*

Informe elaborado por *nome da xerencia*, xerente do GALP *XXXX (nome do GALP.)*

Data, lugar e sinatura.

## 2. Obxectivos

O principal obxectivo deste Informe é o de realizar a avaliación anual da aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) na zona costeira de XXX.

Os obxectivos deste informe son:

Poderanse atender entre outros aos seguintes:

- Indicar o grao de execución da estratexia do GALP, realizando unha análise dos gastos do programa de axudas e os gastos de xestión.
- Analizar a información do programa de axudas en función de variables socioterritoriais.
- Avaliar a información dos gastos de xestión e animación e a súa repercusión na EDLP.
- Realizar un seguimento da posta en marcha do Plan de difusión da EDLP.
- Obter unhas conclusións xerais sobre o funcionamento do GALP na anualidade correspondente.
- Facilitar información ao propio GALP e aos seus órganos sociais para mellorar a toma de decisións futura sobre posibles accións que melloren a aplicación da EDLP.
- Informar sobre a xestión realizada da EDLP á Consellería do Mar, como entidade responsable da xestión, no marco do Programa Operativo do FEMP.

*Este apartado non debe de superar os 2.000 caracteres sen espazos.*

# 3. Avaliación da actividade asociativa e órganos sociais.

## 3.1. Modificacións marco estatutario e/ou entidades socias

Este apartado só se cubrirá no caso de que houbese algunha modificación nos estatutos da asociación. Realizaranse brevemente os comentarios oportunos.

Táboa 1. Modificacións estatutarias

| Artigo modificado | Data de aprobación | Redacción actual |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

## 3.2. Altas, baixas ou modificacións das entidades socias

Este apartado só se cubrirá no caso de que houbese algunha variación nas entidades socias da asociación. Realizaranse brevemente os comentarios oportunos.

Táboa 2. Relación de altas e baixas de entidades socias

| Data | | Entidade | Causas |
|---|---|---|---|
| Alta | Baixa | | |
| 01/01/20XX | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

## 3.3. Órganos sociais

Trátase de indicar a composición e funcionamento dos órganos sociais durante o ano no que se realice a avaliación. Os tres aspectos máis importantes son os relativos á composición segundo sector, participación segundo sector e tipo de acordos alcanzados.

Táboa 3. Composición de entidades socias da Xunta Directiva e Asemblea a 31/12/20XX

| Sector | Xunta Directiva | Asemblea |
|---|---|---|
| Pesqueiro | | |
| Público | | |
| Económico | | |
| Social | | |
| Total | | |

Táboa 4. Participación nas Xunta Directivas.

| Sector | Data 1 | Data 2 | Data 3 | Data 4 | Data 5 | Data N |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Pesqueiro | | | | | | |
| Público | | | | | | |
| Económico | | | | | | |
| Social | | | | | | |
| Total | | | | | | |

Táboa 5. Participación nas Asembleas.

| Sector | Data 1 | Data 2 | Data N |
|---|---|---|---|
| Pesqueiro | | | |
| Público | | | |
| Económico | | | |
| Social | | | |
| Total | | | |

Sobreescribir este texto. Na táboa 4 e 5 débense de engadir/suprimir as columnas que fagan falta para contabilizar as persoas que participaron nas diferentes reunións dos órganos sociais e indicar a data exacta onde pon data 1 e similares. No comentario sobre as táboas pódese comparar a participación nas diferentes reunións tendo en conta a súa distribución sobre os sectores. Tamén é interesante realizar un comentario sobre a maior ou menor participación dos diferentes sectores tomando como referencia a composición formal da Xunta Directiva e Asemblea. *Este parágrafo non debe superar os 1.000 caracteres sen espazo.*

Táboa 6. Principais acordos dos órganos sociais na Xunta Directiva

| Acordos adoptados | | Xunta Directiva | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Data 1 | Data 2 | Data 3 | Data 4 | Data 5 | Data N |
| Organización e xestión ordinaria | Lectura da acta da sesión anterior | | | | | | |
| | Rogos e preguntas | | | | | | |

| Acordos adoptados | | Xunta Directiva | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Data 1 | Data 2 | Data 3 | Data 4 | Data 5 | Data N |
| | Outros | | x | | | | |
| Documentación social e planificación | Aprobación, cambios ou modificacións da EDLP, ou Convenio coa Consellería | | | | | | |
| | Aprobación, proposta ou modificación de estatutos | | x | | | | |
| Xestión social | Renovación e xestión de cambios na Xunta directiva | | | | | | |
| | Incorporación ou baixas de socios | | x | | | | |
| | Designación ou cambios na representación | | | | | | |
| Xestión económica e financeira | Información contable, estado de gastos, cotas de socios | | x | | | | |
| | Financiamento e viabilidade financeira | | | | | | |
| | Procedementos de contratación e asistencia técnica | | x | | | | |
| | Presentación e aprobación de contas anuais | | | | | | |
| | Aprobación de orzamento anual (xestión e/ou sensibilización) | | | | | | |
| Xestión de axudas | Información de convocatorias de axuda | | | | | | |
| | Procedemento de concesión e aprobación de axudas | | | | | | |
| Animación | Asuntos relacionados con accións de animación | | | | | | |
| | ...... | | | | | | |

Táboa 7. Principais acordos dos órganos sociais na Asemblea

| Acordos adoptados | | Asemblea | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Data 1 | Data 2 | Data 3 |
| Organización e xestión ordinaria | Lectura da acta da sesión anterior | | | |
| | Rogos e preguntas | | | |
| | Outros | | x | |
| Documentación social e planificación | Aprobación, cambios ou modificacións da EDLP, ou Convenio coa Consellería | | | |
| | Aprobación, proposta ou modificación de estatutos | | x | |

| Acordos adoptados | | Asemblea | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Data 1 | Data 2 | Data 3 |
| Xestión social | Renovación e xestión de cambios na Xunta directiva | | | |
| | Incorporación ou baixas de socios | | x | |
| | Designación ou cambios na representación | | | |
| Xestión económica e financeira | Información contable, estado de gastos, cotas de socios | | x | |
| | Financiamento e viabilidade financeira | | | |
| | Procedementos de contratación e asistencia técnica | | x | |
| | Presentación e aprobación de contas anuais | | | |
| | Aprobación de orzamento anual (xestión e/ou sensibilización) | | | |
| Xestión de axudas | Información de convocatorias de axuda | | | |
| | Procedemento de concesión e aprobación de axudas | | | |
| Animación | Asuntos relacionados con accións de animación | | | |
| | ...... | | | |

Sobreescribir este texto. Nas táboas 6 e 7 engádense/suprímense as columnas necesarias para indicar as reunións realizadas de cada un dos órganos sociais. Marcase cunha X cando se produza un dos acordos indicados na táboa. Pode haber acordos que non se enmarquen dentro das categorías indicadas na táboa, nese caso engadir como nova fila dentro dalgunha das áreas indicadas ou crear outra área denominada outras. Debese facer un breve comentario sobre os acordos máis destacados nesa anualidade. *Este apartado non debe de superar os 2.000 caracteres sen espazos.*

## 3.4. Conflito de interese

Sobreescribir este parágrafo. Indicar se houbo ou non conflito de interese, durante a aplicación do programa nesta anualidade. En caso positivo acreditar información de referencia sobre a data na que se celebra a reunión e o procedemento. Neste último caso diferenciaremos se o conflito fai referencia ao programa de axudas (indicaremos o ID do proxecto afectado) ou a un procedemento de contratación do grupo (se é unha actividade de animación indicar o código e descrición e si é unha contratación dunha asistencia técnica ou similar indicar o nome do contrato). Indicar por último a persoa ou entidade afectada no proceso correspondente.

Táboa 8. Relación de procedementos nos que existe conflito de interese.

| Data da reunión | Procedemento |
|---|---|

| | Programa (ID proxecto) | Contratación (ID ou nome da actividade) | Persoa / Entidade afectada |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

## 3.5. Equipo técnico

Táboa 9. Composición do cadro de persoal do GALP

| Posto da persoa | Nome da persoa | Xornada | |
|---|---|---|---|
| | | Completa | Parcial |
| Xerencia | | | |
| Técnica | | | |
| Administrativa | | | |
| Outros... | | | |
| | | | |

No caso de contar con asistencias técnicas para o apoio á xestión e funcionamento, do grupo cubrir a seguinte táboa. Reflectir o nome da empresa que presta o servizo, o período no que presta o servizo, o custo total incluídos impostos indirectos e as actividades que desenvolve (apoio administrativo; xestión fiscal, social ou laboral; auditoría, etc.).

Táboa 10. Asistencia técnica para a xestión ou funcionamento do Grupo

| Entidade prestataria do servizo | Período | Custo total | Actividades que desenvolve |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

# 4. Avaliación global do grao de execución

Neste capítulo dase conta do capítulo de gastos vinculados ao programa de axudas (artigo 62.1.b. do Regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, RFEMP) e funcionamento e animación (art. 62.1.d) que son os que se van a ter en conta para analizar o grao de execución da EDLP nas diferentes anualidades.

## 4.1. Convocatoria 2018

Introducir nun breve texto os importes executados no programa de axudas e nos gastos de xestión en esta anualidade. Para o cálculo do grao de execución tomamos como referencia o importe total dese tipo de gastos para o conxunto do período de programación reflectido na EDLP. Facemos unha análise agregada e individualizada dos gastos xustificados do programa de axudas e dos gastos de funcionamento e animación para esa anualidade.

Pode darse o caso de que nunha anualidade haxa distintas convocatorias do programa de axudas. Dado que o informe se refire a unha anualidade débense de contemplar as diferentes convocatorias de xeito agregado.

A continuación expóñense diferentes gráficos e táboas que permiten sintetizar a información dunha maneira clara e directa.

Gráfico 1. Grao de execución da EDLP para o ano 2018. Importe en **€.**




Neste gráfico recóllense o total de gastos xustificados e o total previsto na EDLP para o conxunto do período, o que nos permite ver visualmente a diferenza. Tamén aparecen desglosados por programa de axudas e gastos de xestión para realizar a comparativa cos gastos previstos na EDLP.

Táboa 11. Importe xustificado e previsto segundo obxectivo estratéxico FEMP e tipo de gasto de xestión. Grao de execución.

| | Xustificado | Estratexia | Grao de execución % |
|---|---|---|---|
| Valor engadido | 150.000,00 | 1.250.000,00 | 12,0% |
| Diversificación | 150.000,00 | 1.250.000,00 | 12,0% |
| Medioambiente | 100.000,00 | 1.000.000,00 | 10,0% |
| Sociocultural | 100.000,00 | 750.000,00 | 13,3% |
| Gobernanza | 100.000,00 | 750.000,00 | 13,3% |
| Programa de axudas | 600.000,00 | 5.000.000,00 | 12,0% |
| Funcionamento | 125.000,00 | 750.000,00 | 16,7% |
| Animación | 75.000,00 | 1.250.000,00 | 6,0% |
| Gastos de xestión | 200.000,00 | 2.000.000,00 | 10,0% |
| Total Estratexia | 800.000,00 | 7.000.000,00 | 11,4% |

Na táboa precedente efectúase un distribución dos importes segundo os obxectivos do FEMP. Estes obxectivos son os recollidos para realizar os informes para TRAGSA e teñen como obxectivo homologar a comparabilidade entre grupos. Posteriormente, haberá un apartado específico para avaliar os obxectivos contemplados nas diferentes EDLP.

Tamén se recolle o diferenza entre gastos de funcionamento e gastos de animación. Débese de comparar as diferenzas de execución entre os diferentes obxectivos estratéxicos, podéndose

facer referencia ás posibles causas. O importe que tomamos de referencia da estratexia é o valor total consignado para o período.

Táboa 12. Grao de execución segundo obxectivo estratéxico FEMP e tipo de proxecto.

| | Produtivo | Non produtivo | Total |
|---|---|---|---|
| Valor engadido | 11,4% | 13,3% | 12,0% |
| Diversificación | 11,4% | 13,3% | 12,0% |
| Medioambiente | 10,0% | 10,0% | 10,0% |
| Sociocultural | 15,0% | 10,0% | 13,3% |
| Gobernanza | 15,0% | 10,0% | 13,3% |
| Programa de axudas | 12,1% | 11,7% | 12,0% |

Ademais de atender ao grao de cumprimento por obxectivos estratéxicos e segundo tipo de gastos de xestión, debe de recollerse o grao de execución segundo tipo de proxecto e obxectivo estratéxico, dado que está recollido en todas as EDLP no apartado de financiamento.

*O apartado de Avaliación ano 2018 non debe de superar os 3.500 caracteres sen espazo.*

### 4.2. Convocatorias anos 2016-20XX.

Vaise recoller o importe executado acumulado nas diferentes anualidades para saber a evolución do grao de execución da EDLP, en relación ao planificado para o conxunto do período. Neste sentido hai que sumar os importes das diferentes anualidades nunha única cantidade e comparala co estaba previsto na EDLP para todo o programa. A estrutura de presentación da información é similar á definida no apartado anterior para facilitar a comparación entre datos.

Gráfico 2. Grao de execución da EDLP para o período 2016-20xx. Importe en **€.**




Comparar as diferenzas existentes entre gasto xustificado e previsto na EDLP segundo tipos de gasto.

Táboa 13. Importe xustificado entre 2016-20xx e previsto na EDLP segundo obxectivo estratéxico FEMP e tipo de gasto de xestión. Grao de execución.

| | Xustificado | Estratexia | Grao de execución % |
|---|---|---|---|
| Valor engadido | 450.000,00 | 1.250.000,00 | 36,0% |
| Diversificación | 450.000,00 | 1.250.000,00 | 36,0% |
